

## CLAUSURA XXVI ASEMBLEA XERAL DE SOCIOS

# AGEF elixe nova presidencia

- Asisten ao acto de clausura da Asemblea, ás 15.00 horas, no Hotel A Quinta da Auga en Santiago (Paseo da Amaia, 23 B), os presidentes da Xunta de Galicia, do TSXG e de ABANCA, e os conselleiros de Economía e Emprego

**Santiago de Compostela, venres 15 de maio de 2026.-** A Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF) celebra o vindeiro luns, 18 de maio, a súa XXVI Asemblea Xeral de Socios, no Hotel A Quinta da Auga de Santiago de Compostela, da que sairá elixida a nova presidencia da asociación, en substitución de José Bernardo Silveira, tras tres anos de mandato.

Intervirán no acto de clausura da XXVI Asemblea Xeral de Socios, prevista para as 15.00 da tarde, no Hotel A Quinta da Auga de Santiago de Compostela (Paseo da Amaia, 23 B), a nova presidencia de AGEF, Juan Carlos Escotet, presidente de ABANCA, e Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia. Asisten ademais o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), Ignacio Picatoste, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, e o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González Vázquez.

### **Sobre AGEF**

A Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF) é a principal asociación de empresas con raíces, sede social e vocación de permanencia en Galicia, integrada na actualidade por 61 compañías. O seu propósito é promover o desenvolvemento e crecemento das empresas familiares na nosa comunidade, defendendo os seus dereitos e intereses e apoiando iniciativas que as fagan máis competitivas, co obxecto de favorecer o incremento da prosperidade e calidade de vida de Galicia.